

Catro museos da cidade xúntanse para coordinar a programación que celebra a efeméride do 18 de maio con visitas especiais, contacontos e programación nocturna.

A presentación desta programación farase de xeito conxunto polos representantes dos catro museos, o martes **15 de maio ás 13h00 na Fundación Granell.**

Co gallo da celebración do día internacional dos museos o **Museo das Peregrinacións e de Santiago, a Fundación Granell, o CGAC e o Museo do Pobo Galego** súmanse á celebración desta data coordinando unha programación especial que vai do día 15 ao 25 de maio.

A celebración que este ano ten como lema "Museos nun mundo cambiante. Novos retos, novas inspiracións", reconece que estas institucións adoptan unha conduta interpretativa e móvense nun medio cada vez máis fluído. Cada un pode ter intereses diferentes e atraer a visitantes diversos sen función do tipo de Museo, contido se actividades que ofrezca. Porén, nun momento no que o mundo parece cambiar máis rápido que nunca os museos, grandes ou pequenos, teñen que traballar xuntos para facer oír a súa voz.

Desde o martes 15 de maio o público poderá achegarse a estes catro museos para axexar en lugares onde o acceso adoita estar máis restrinxido; escoitar e disfrutar xunto aos máis pequenos, coas sesións de contacontos; recorrer as salas con visitas dramatizadas; aprender a crear criaturas mutantes nun obradoiro de stop-motion; contar con guías de excepción para visitar ás exposicións ou levar un libro de balde que celebre tamén as Letras Galegas.

A esta festa dos museos súmase ademais a música e a noite. Fundación Granell, CGAC e Museo do Pobo Galego ofrecen, ***Música na noite dos Museos***, un programa de concertos que darán comezo ás 20h00 no Pazo de Bendaña cunha sesión de música electrónica a cargo Discoepiscopal (Aloe perra e P.vicio) para continuar en Bonaval, primeiro no Museo do Pobo, onde ás 22h00 Alex Salgueiro, Miguel Paz e Manuel Paino interpretarán “Todo é aseghun” e rematando despois no CGAC, onde ás 22h45, a Ensemble Vertixe Sonora interpretará pezas de Pierre Jodlowski e Giorgio Netti.